

CORRECCIÓN ACTIVIDADES LINGUA GALEGA 1º ESO A e C SEMANA DO 25/05/20 – 29/05/20

1. Completa as seguintes oracións con **te** ou **che**; lembra poñer o acento cando sexa necesario:

- Que queres que .CHE. conte?
- Canto .CHE. queda do que .CHE. deu a avoa?
- Non .CHE. vin o sinal que .CHE. quedou despois do accidente.
- DeixÁronTE soa na casa?
- DeixÁronCHE o aviso na casa?
- PÚxenTE guapo, ou non?
- PÚxenCHE o lapis enriba da mesa.
- Temos moitas ganas de verTE.
- TrÓuxenCHE isto da Coruña.
- AchÉgaTE para que TE vexa ben.
- O can vaiTE morder.
- O can vaiCHE morder un pé.

2. Ordena os versos do seguinte poema e busca personificacións:

Quixera ser a nube que pasea tan alta,
a que atrae os paxaros coas súas ás estendidas
e é amante do vento que decote lle canta
compoñéndolle versos con palabras belidas.

Ana M.ª Fernández

Personificacións: A nube pasea, atrae os paxaros, é amante do vento. O vento canta e compón versos.

3. Localiza os verbos regulares no seguinte texto e analízaos (persoa, número, tempo e modo):

Hai moito tempo, nunha illa deshabitada nas beiras do Mar Vermello, vivía un parsi en cuxo sombreiro os raios do sol se reflectían cun esplendor máis que oriental. E o parsi vivía xunto ao Mar Vermello con nada máis ca o seu sombreiro, o coitelo e un forno deses que non debes tocar nunca. Un día colleu fariña, auga, pasas, ameixas e azucre e outras cousas e preparou unha torta que tiña sesenta centímetros de ancho e noventa de alto. Era Súper Comestible, e meteu na no forno porque só a el se lle permitía cociñar nese forno, e tivo cocendo, cocendo ata que se puxo marrón, e emocionaba o ben que recendía. Pero xusto cando estaba a piques de comela...

	PERSONA	NÚMERO	TEMPO	MODOS
Vivía	3ª	Singular	Copretérito	Indicativo
reflectían	3ª	Plural	Copretérito	Indicativo
Debes	2ª	Singular	Presente	Indicativo
Tocar	Infinitivo (forma non persoal)			
Colleu	3ª	Singular	Pretérito	Indicativo
Preparou	3ª	Singular	Pretérito	Indicativo
Meteu	3ª	Singular	Pretérito	Indicativo
Permitía	3ª	Singular	Copretérito	Indicativo
Cociñar	Infinitivo (forma non persoal)			
Cocendo	Xerundio (forma non persoal)			
Emocionaba	3ª	Singular	Copretérito	Indicativo
Recendía	3ª	Singular	Copretérito	Indicativo
Comela (comer+a)	Infinitivo (forma non persoal)			

NOTA: as palabras subliñadas tamén son verbos, pero irregulares.

4. Busca na seguinte sopa de letras catro cidades nas que viviu Ricardo Carvalho Calero ao longo da súa vida:



5. **TEST (ACTIVIDADE PARA ENVIAR AO CORREO)**: Marca os enunciados seguintes que sexan correctos e corrixe os incorrectos:

- 1. A maioría dos estados son **plurilingües**, é dicir, fálase máis dunha. ✓
- 2. Os **substantivos abstractos** designan cousas que non se poden contar. Exemplos: auga, area...

FALSO: substantivos non contables. Os abstractos designan ideas ou conceptos que non se perciben polos sentidos.

- 3. Nas **lendas** os feitos preséntanse como inventados.

FALSO: nos contos. Nas lendas os feitos preséntanse como reais.

- 4. Os substantivos e adxectivos **despectivos** rematados en singular en **-án** fan o feminino en **-á**.

FALSO: os despectivos rematan en -ANA, agás marrán (marrá), nugallán (nugallá), rufián (rufiá) e truán (truá).

- 5. Tanto a novela coma o relato curto pertencen ao **xénero narrativo**. ✓
- 6. Os **determinantes** poden ser: artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos, numerais, interrogativos e substantivos.

FALSO: os determinantes poden ser: artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos, numerais, interrogativos e exclamativos.

- 7. Os substantivos rematados en singular en **-x** non varían en **plural**. Exemplo: o dúplex, os dúplex. ✓
- 8. As seguintes palabras teñen en común que en todas hai **hiato**: viúvo, moer, aí e aéreo. ✓
- 9. **Longo** e **largo** son dous adxectivos sinónimos.

FALSO: **Longo** pode significar que ten moita lonxitude ou que dura moito, mentres que **largo** significa grande en anchura, con moita extensión ou que non se cingue (axusta).

10. Os elementos característicos dos **textos narrativos** son: historia, narrador, personaxes, tempo e espazo. ✓